

o teixo

O teixo (*Taxus baccata* L.) é unha conífera non resinosa e perennifolia nativa nunha gran parte de Europa, atopándose presente en Galicia. Poden chegar a alcanzar unha gran lonxevidade (ata 5 000 anos). As femias producen unha semente ovoide, parcialmente rodeada por unha produción carnosa de cor vermella, denominada arilo. É a única parte non tóxica da árbore.

O teixo establece importantes relación ecolóxicas con outras especies. As súas sementes posúen un grande atractivo para as aves, que axudan á súa dispersión.

yew

The yew (*Taxus baccata* L.) is a native non-resinous conifer and evergreen in a large part of Europe, being present in Galicia. They can reach a great longevity (up to 5,000 years). Female trees produce an ovoid seed, partially surrounded by a red fleshy production, called aril. It is the only non-toxic part of the tree.

The yew establishes important ecological relationships with other species. Their seeds have a great attraction for the birds, which help their dispersion.



os bosques de teixo

Os teixedais son bosques nos que a especie dominante adoita ser o teixo, aínda que acostuman estar presentes outras especies leñosas, entre as que cabe destacar a abeleira, o carnabudo ou o acivro. Sitúanse en Galicia nas súas montañas orientais, a maior parte por enriba de 1.200 m de altitude, en abas de forte inclinación e con compoñente Norte, sobre solos pedregosos e abundancia de afloramentos rochosos.

Contabilizáronse máis de 90 especies de plantas vasculares nos teixedais galegos, albergando tamén unha rica diversidade de fauna, polo que son considerados un hábitat de conservación prioritaria e se designaron varios espazos Natura 2000 en Galicia.

the yew woods

The yew woods are forests in which the dominant species tends to be the yew, although other woody species are usually present, among which include the hazel, the rowan or the holly. Inside Galicia, they are located in the eastern mountains, most of them above 1,200 m of altitude, on North-facing exposure steep slopes with stony soils and abundance of rocky outcrops.

More than 90 species of vascular plants have been found in the Galician yew woods, also harboring a rich diversity of fauna, so they are considered a priority conservation habitat for which several Natura 2000 areas have been designated in Galicia.



usos etnoculturais

Os usos que as poboacións locais realizaron dos teixos mostran o carácter ancestral desta especie, e como foron testemuñas da adaptación do home ás adversidades do territorio. O teixo é unha especie arbórea respectada pola poboación da área oriental de Galicia, debido á súa elevada lonxevidade e a súa toxicidade para a especie humana. Foi usado como ornamento en lugares relevantes, como os teixos de igrexa de Fonfría (Pedrafita do Cebreiro), Noceda (Folgozo do Courel) ou Cereixido (Quiroga), ou os teixos de Piornedo (Cervantes) situados entre as senlleiras pallozas. Tamén na montaña oriental de Galicia a tradición oral transmite que durante os invernos máis duros, unhas ramíñas verdes de teixo adoitaban a ser o único alimento para o gando vacún.

Outro dos usos tradicionais específicos do teixo en Galicia é como cortaventos no NW da provincia de Lugo para protexer as casas e as airas nas que se confeccionaban os paleiros.

ethnocultural uses

The uses that the local populations have made of the yew trees show the ancestral character of this species, and how they have witnessed the adaptation of man to the adversities of the territory. The yew is a tree species respected by the population from Galician eastern mountains, due to its high longevity and its toxicity for the human species. It has been used as ornament in important places, such as the yew trees in the churches of Fonfría (Pedrafita do Cebreiro), Noceda (Folgozo do Courel) or Cereixido (Quiroga), or yews in Piornedo (Cervantes) among the traditional buildings (pallozas) of the village. Also the oral tradition conveys that during the harshest winters, some green branches of yew used to be the only food for cattle.

Another specific traditional uses of the yew in Galicia is as windbreaks in NW of Lugo province to protect the houses and the backyards where the haystacks were established.

O proxecto LIFE BACCATA traballa pola conservación dos teixedais en 15 espazos Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica. En Galicia, este proxecto desenvolve as súas actuacións na parroquia de Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro).

LIFE BACCATA project works for the conservation of the yew woods in 15 Natura 2000 areas of the Cantabrian Mountains. In Galicia, this project develops its activities in the parish of Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro).

ameazas

Entre as principais ameazas dos teixedais é posible citar a excesiva presión de visitantes (por motivo turístico, fundamentalmente) que motivou a presenza de signos de vandalismo en ramas de exemplares de teixo de grandes dimensións (individuos moi lonxevos), formación de numerosos sendeiros no solo pola excesiva afluencia de visitantes, así como xerando elevados niveis de ruído cando se trata de grupos numerosos, co consecuente efecto disuasorio para a fauna silvestre.

Na actualidade outra das principais ameazas para estes bosques son os severos incendios que durante a época estival arrasan grandes superficies na montaña oriental galega, e que en ocasións causan danos significativos.

threats

One of the main threats of the yew woods is the excessive pressure of visitors (mainly for tourist reasons) that has led to vandalism signs on branches of large yew trees (long-lived individuals), trampling to formation of numerous paths in the ground because of the excessive influx of visitors, as well as generating high noise levels when dealing with large groups, with the consequent deterrent effect for wild animals.

Currently, other main threat to these forests is the severe fires that sweep large areas in the eastern Galician mountain during the summer season, and that sometimes cause significant damage.

